# ***BANDO***

*EXP 203/2022*

*Don ANDRÉS IGLESIAS RODRÍGUEZ, Alcalde do Concello de Pazos de Borbén*

ANDRES IGLESIAS RODRIGUEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 05/05/2022
HASH: d9fe418924l9bf65be7b1fb5cfdb1eb2
CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN

***FAI SABER***

En virtude de que o Concello de Pazos de Borbén construíu unha pista de pádel no Areeiro ( Nespereira) procedemos a apertura de dita pista para uso dos cidadáns a partir do venres día 6 de maio de 2022 coas seguintes INSTRUCCIONS DE FUNCIONAMENTO, USO E RESERVA:

**1.- Horario da pista**

O Horario de funcionamento da pista de padel será de 9.00 horas a 21.00 horas de luns a domingo.

**2.- Reserva de pista**

As reservas para as Pistas de Padel serán de 1 hora e trinta minutos. (Dentro das franxas horarias marcadas).

Cada persoa non poderá facer máis de unha reserva diaria.

As reservas faranse a nome dunha persoa.

As reservas poderán ser prorrogadas si ó finalizar non existe demanda da instalación.

3.- Ó facer as reservas de pistas, deberá comunicarse o nome e apelidos do/a solicitante facendo constar si están ou non empadroados no Concello de Pazos de Borbén .

4.- As reservas de pistas poderán facerse como máximo de 7 en 7 días.

O prazo para anular unha reserva será como máximo de 24 horas antes do horario solicitado.

Cod. Validación: 9E24TMWXGG3E3KQC3Y26YFFCL | Corrección: https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

5.- Os/as solicitantes non poderán reservar pista para dous días consecutivos có mesmo horario.

6.- Os/as solicitantes e acompañantes non poderán realizar unha segunda reserva ata finalizar a primeira nin facer uso das instalacións en horarios consecutivos (excepto si ó finalizar non existe demanda da instalación).

7.- As reservas dos/as menores de idade deben realizalas presentando unha autorización firmada polo pai/nai ou titor/a (válido ata a súa revogación) e deberán, para acceder á instalación, estar presente unha persoa maior de idade que se responsabilice deles durante todo o tempo que permanezan no interior do recinto.

8.- A reserva de pista farase de forma persoal nas oficinas xerais do Concello no horario de atención ao publico de 09.00 a 14.00 horas

En ningún caso se farán reservas de pista por teléfono.

9.- Para usar estas instalacións será obrigatorio o uso de roupa, calzado e material de xogo axeitado a modalidade deportiva da pista. Non está permitido xogar sen camiseta ou en bañador.

10.- Transcorridos 10 minutos da hora prevista na reserva da pista, si esta non foi ocupada, entenderase que renuncian á mesma, podendo adxudicarse a un/ha novo/a solicitante.

11.- É obrigatorio conservar e mostrar, se lle é solicitado polo persoal da instalación, o recibo de reserva de instalación deportiva.

12.- Cando para o uso da pista sexa necesario a entrega da chave da instalación, deberán depositar unha fianza de 5 € que é recuperable si se devolve antes dos seguintes 3 hábiles días seguintes a utilización da pista. En caso contrario, perderase dito depósito. A fianza renovarase ó solicitar novamente reserva de pista.

13.- No interior das pistas, só poderán permanecer un máximo de 4 persoas, excepto cursos e escolas deportivas.

Cod. Validación: 9E24TMWXGG3E3KQC3Y26YFFCL | Corrección: https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

14.- Os/as xogadores/as soamente poderán introducir nas pistas bebidas (non alcohólicas) en botellas de plástico.

15.- Queda prohibido (dentro das pistas) fumar, comer e o consumo de chicles, pipas e similares.

16.- Responsabilidade dos usuarios

O Concello de Pazos de Borbén declina toda responsabilidade polas lesións que poidan sobrevir pola práctica deportiva (que non esteen encadrados nas “Escolas Deportivas) nas súas instalacións.

Coa solicitude de reserva de instalación deportiva os/as usuarios/as aceptan baixo a súa enteira responsabilidade ou a dos seus pais ou titores/as, no seu caso, o risco que puidera derivarse da práctica deportiva e manifestan estar físicamente aptos para realizar a actividade físico - deportiva

Os gastos derivados da produción de danos, desperfectos, deterioros que se ocasionen nas instalacións deportivas serán esixibles aos solicitantes da reserva que deberán sufragar os custes de reparación ademáis da sanción pola infracción que, no seu caso, se poda establecer.

O que se fai público para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO E DATADO POR VÍA ELECTRÓNICA Á MARXE

Cod. Validación: 9E24TMWXGG3E3KQC3Y26YFFCL | Corrección: https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3